

# Lectura dunha Fábula

## REPASO CUN TEXTO

### 5 Le atentamente este texto:

Paseaba un can pola beira do río cun anaco de carne no fociño. Viu o seu reflexo na auga e pensou que aquel que vía era outro can cun anaco de carne maior ca o seu.

Desexando apropiarse do anaco grande, soltou o seu para poder quitarlle a carne ao outro can. Pero o resultado foi que perdeu os dous: o do reflexo, porque non existía; o verdadeiro, porque o levou a corrente.

*Non desexes o que teñen os demais, pois podes perder o que xa conseguiras co teu esforzo.*

Esopo.

### 6 Quen é o protagonista?



### 7 Cal destes adxectivos cres que definen mellor o can? Elixo:

envexoso      pobre      mentireiro  
aproveitado      xeneroso      cobizoso

### 8 Ordena o que lle pasou:

- Soltou o seu anaco de carne.
- Viuse no río coma nun espello.
- Paseaba pola beira do río.
- Quixo a carne doutro can.
- Perdeu a carne toda.

### 9 Di cal destes refráns se relaciona con esa ensinanza:

- a) Baila o can polo pan.
- b) Can que ladra non morde.
- c) Cada can lambe o seu.
- d) Máis vale ter que desexar.